



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 13 DE XUÑO DE 2015

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

ASISTENTES

D. Manuel Corzo Macias
D. Darío Carracedo Vidueira
Dna. Salesa Losada Fernández
D. José Vega Martínez
Dna. Lucía Fernández Sobrino
D. Magín Fernández Fernández
D. Juan Ferreira Ricón
D. Vicente Sabín Fernández

Na localidade de O Bolo, ás 14,00 horas do día 13 de xuño de 2015, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e 37 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e para o efecto de levar a cabo a constitución do novo Concello de O Bolo, despois de ver os resultados das eleccións do día 24 de maio de 2015, para a renovación da totalidade dos membros das corporacións locais, reúnense os Sres. Concelleiros enumerados á marxe, asistidos pola secretaria do Concello, que dá fe do acto.

DESCULPA A SÚA ASISTENCIA

D. Manuel Rey Rionegro

SECRETARIA

Dna. Carmen Sotelo Casado

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE

A continuación, a secretaria da corporación, unha vez declarada aberta a sesión, le o artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e, atendendo ao disposto nel, procédese a

constituír a mesa de idade.

A mesa de idade queda integrada por D. Manuel Corzo Macias, concelleiro de maior idade, que a preside, e por D. Vicente Sabín Fernández, concelleiro electo de menor idade.

COMPROBACIÓNS PREVIAS Á CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

Unha vez constituída a mesa de idade e xa que se tomaron as medidas precisas segundo o disposto no artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, infórmase de que tanto



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 13 DE XUÑO DE 2015

Secretaría como Intervención puxeron á disposición dos señores concelleiros electos a documentación referente aos xustificantes das existencias en metálico e valores propios da corporación depositados na caixa municipal e noutras entidades bancarias, e tamén a documentación relativa ao inventario de bens da corporación.

Comprobadas por secretaría as credenciais acreditativas da personalidade dos concelleiros electos que lle foron entregadas e á comprobación destas e que todos os concelleiros electos formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local.

Tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e do artigo 37.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e que concorre a esta sesión a maioría absoluta de concelleiros electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, de prestar xuramento ou promesa.

ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA

Despois de que o secretario do concello lea o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos concelleiros electos, procédese a nomear a todos os señores concelleiros electos para efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e funcións públicas: «Xura ou promete, pola súa conciencia e a súa honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Excmo. Concello de O Bolo, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

A continuación, a secretaria da corporación nomea a cada un dos concelleiros electos e le persoalmente a fórmula a cada un deles, que se manifestan da seguinte maneira:

D. Darío Carracedo Vidueira (P.P.) Prometo

D. Manuel Corzo Macias (P.P.) Prometo

D. Magín Fernández Fernández (PSdeG-P.S.O.E.) Xuro

Dna. Lucía Fernández Sobrino (P.P.) Prometo



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 13 DE XUÑO DE 2015

D. Juan Ferreira Ricón (PsdeG-P.S.O.E.) Prometo
Dna. Salesa Losada Fernández (P.P.) Prometo
D. Vicente Sabín Fernández (PsdeG-P.S.O.E.) Xuro
D. José Vega Martínez (P.P.) Prometo

Xa que se deu cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, queda constituído o Concello de O Bolo despois das eleccións municipais do día 24 de maio de 2015.

ELECCIÓN DO ALCALDE

Posteriormente, a secretaria do concello procede á lectura do artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e á elección do alcalde-presidente da corporación.

a) Proclamación de candidatos á alcaldía

Procédese logo a proclamar os candidatos á alcaldía do concello:

D. Manuel Corzo Macias (P.P.)
D. Magín Fernández Fernández (PsdeG-P.S.O.E.)

b) Elección do sistema de votación

Procédese a continuación á votación para a elección de Alcalde co seguinte resultado:

D. Manuel Corzo Macias, candidato do Partido Popular (P.P.), cinco (5) votos
D. Magín Fernández Fernández, candidato do Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG-P.S.O.E.), tres (3) votos

En consecuencia e á vista do resultado da votación, ao ser nove o número de concelleiros da Corporación, e cinco concelleiros a maioría absoluta, queda proclamado Alcalde-Presidente da corporación D. Manuel Corzo Macias, cabeza de lista do Partido Popular.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 13 DE XUÑO DE 2015

TOMA DE POSESIÓN

A continuación, de conformidade co artigo 18 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e co artigo 40.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a secretaria procede a dar lectura á fórmula de acatamento á Constitución, segundo o seguinte contido literal: «Xura ou promete pola súa conciencia e a súa honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde-presidente do Excmo. Concello de O Bolo, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

Seguidamente, o alcalde maniféstase da seguinte maneira: Prometo

Despois de realizar o xuramento, D. Manuel Corzo Macias, pasa a ocupar a presidencia da sala, polo que se dissolve a mesa de idade.

A continuación, D.Manuel Corzo Macias, alcalde-presidente, cédelles a quenda de palabra aos representantes das distintas forzas con representación na corporación municipal e D. Juan Ferreira Ricón do PSdeG-P.S.O.E. deséxalle acerto na súa xestión e, no último lugar, toma a palabra o Sr. Alcalde e dirixe unhas palabras de agradecemento aos veciños e di que non prometeu nada en campaña pero que vai intentar facer o máximo posible

Seguidamente, o Alcalde-Presidente, dá por rematada a sesión ás catorce horas e dez minutos, do que, como secretario, dou fe.

Carmen Sotelo Casado